

# LA BUENA HIJA

Júlia de Paz Solvas, 2026

# 1715

ESTREA EN NUMAX: 10.04.2026 | V.O. | +12 | 103 min

Tras a separación dos seus pais, Carmela e a súa nai múdanse á casa da avoa. Mentres trata de adaptarse á súa nova situación, Carmela anhela pasar máis tempo na casa do seu pai, un artista plástico a quen admira e idolatra. A sombra deste levará ás tres xeracións de mulleres da familia a decidir o futuro que merecen.

«Júlia de Paz márcase un exercicio de funambulismo moral similar ao que practicou en 'Querer'»

Enric Alberó, EL ESPAÑOL



## Entrevista con Júlia de Paz Solvas: «O filme reflexa a viaxe moral e emocional de querer ser unha boa filla a pesar do mal trato recibido»

Por Elena del Olmo Andrade

**La buena hija, desde o seu título, adianta o desexo ou, doutra banda, o tormento de Carmela. É un título moi afastado de Harta (2021), desa emoción concreta e inequívoca, da curtametraxe da que nace a película. Como se presenta este cambio?** O título de *La buena hija* apareceu coa película case terminada porque sentiamos que o concepto de *Harta* xa non estaba tan arraigado á viaxe de Carmela. Na película, esta viaxe moral e emocional xira arredor de querer ser fiel ao seu pai a pesar do trato que recibe del e en todo momento busca ser unha boa filla. Póñense enriba da mesa estes conceptos que están moi normalizados, esta hexemonía á hora de conceptualizar as relacións. Pareceunos interesante esta dualidade e o nome tachado de Carmela ao principio da película, ao final a viaxe que fai ela, coas súas amigas e coa súa avoa e a súa nai, é o de aceptar que o ten que facer sen ter en conta se é boa filla, ten que ser ela.

**As relacións materno-filiais e as súas problemáticas teñen un papel moi importante na túa filmografía. En que cres que se diferencia o teu achegamento á nai e á filla nesta película con respecto ás túas anteriores obras?** Para construír a relación entre nai e filla levamos un proceso de investigación que durou cinco ou seis anos. Entrevistamos a moitas mulleres, nenos e nenas sobreviventes de violencia. Iamos atopando que estes nenos e nenas convivían con moita rabia, moita impotencia, de non entender por que unha persoa que queren as tratara así. Viamos que esta frustración e esta rabia se expresaba moito coas nais. Eran un espazo seguro á vez que un espello no que proxectar estas emocións negativas. Pareceunos interesante ensinar esta relación nai e filla como unha montaña rusa, Carmela sempre se mantén distante coa súa nai debido a esta educación que recibimos. Da culpa, esta culpa de por que aguantou nesta relación, de por que non fixo nada antes... A película do que fala é do amor e do amor incondicional, e iso personifícase sobre todo no personaxe da nai.

**Como é dirixir a actrices tan novas nunha película que trata un tema tan violento? Como foi o traballo a partir das entrevistas a vítimas reais que realizaches previamente?** O medo que tiña, que tiña todo o equipo, era evitar xerar situacións de violencia con Kiara, a actriz protagonista, ao construír estas escenas. Con ela o que fixemos foi entender moito o personaxe, non tanto no relativo á violencia senón ao medo ao abandono desde este amor incondicional que ten polo seu pai, que ten de herdanza da súa nai, e desta necesidade de atopar o seu lugar en relación ás súas amigas, que é algo que Kiara con quince anos podía entender. As emocións extremas, complicadas, traballámolas con música, identificando as distintas emocións coas cancións, tanto para entrar como para saír emocionalmente.

Con Julián, o pai, fomos ao cárcere para entrevistar a homes que estaban aí por violencia machista. Era moi importante entender, sen xustificar, desde onde se xera esta violencia e cara a onde, porque se non caes no clixé. Todo o equipo tivo que pasar unha formación sobre a violencia antes da rodaxe, para entender, se non non tiña sentido facer unha película así. As entrevistas cos nenos e nenas eu chámoas así pero á falar con nais sobreviventes elas dicíannos: “A miña filla ou fillo quere falar”, e coa nai e un psicólogo presente eles contábannos, nós nunca preguntabamos, non queríamos abrir temas que eles non quixesen.